

INFORMACIÓN PARA PACIENTES DA UNIDADE DE ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

A radioterapia utiliza radiación de alta enerxía para tratar o cancro, co obxectivo de danar as células tumorais e facer que os propios mecanismos de defensa do organismo sexan capaces de desfacerse delas. O tratamento de radioterapia pode ser o único aplicado, aínda que ás veces se combina con cirurxía ou quimioterapia (antes, durante ou despois destas).

Existen distintos tipos de tratamentos de radioterapia. Na radioterapia externa ou teleterapia, a fonte de irradiación procede dun equipo externo de grandes dimensións denominado acelerador lineal, que permite distintas modalidades de tratamento:

- **IMRT (Radioterapia de intensidade modulada).** É unha modalidade avanzada de radioterapia de alta precisión que permite aplicar doses de radiación precisas adaptadas á forma tridimensional do tumor mediante a modulación da intensidade do feixe radioactivo.
- **IGRT (Radioterapia guiada por imaxes).** Esta técnica consiste na toma frecuente de imaxes en 3D, antes e durante a administración da radiación, para definir como é e onde se atopa o volume tumoral de cada paciente e en cada momento durante as semanas que dura as sesións, o que garante unha alta precisión e exactitude do tratamento.
- **VMAT (Arcoterapia Volumétrica de Intensidade Modulada).** Tecnoloxía coa que o feixe de radiación se adapta á arquitectura do tumor virando ao redor do paciente de forma ininterrompida. Trátase dunha técnica altamente precisa que permite administrar altas doses de radiación protexendo ao máximo os tecidos e órganos sans que circundan o tumor e reducindo ademais de forma notable o tempo total de tratamento.
- **SBRT (Radioterapia Corporal Estereotáctica).** É un tipo de tratamento con radiacións no que tamén se emprega o acelerador lineal como fonte, pero que incorpora un equipamento específico para lograr unha extraordinaria precisión e alta intensidade no feixe radioactivo, para minimizar os danos cando o tumor se localiza moi próximo a órganos sensibles.

A **protonterapia** é un tipo especial de radioterapia externa que utiliza un equipo xerador de protóns, para aplicar un tratamento de gran precisión e reducidos efectos adversos, indicada en casos moi concretos de tumores de difícil acceso ou moi próximos a órganos de risco.

En canto á **radioterapia interna**, contamos coa braquiterapia, un sistema de tratamento que consiste en levar as fontes radioactivas ata o interior do tumor ou ás súas proximidades, co fin garantir unha actuación directa sobre o volume para tratar.

Durante o seu tratamento, os profesionais avaliarán o seu caso e decidirán cal é o procedemento máis adecuado para o seu proceso.

Cando sexa recibido polo persoal da unidade faráselle entrega da súa cartilla de tratamento, onde poderá acceder mediante códigos QR a información de interese sobre o seu tratamento e sobre os coidados recomendados polo persoal da unidade. Para máis información pode tamén consultar as ligazóns de interese.

LIGAZÓNS DE INTERESE

Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR)

Sociedade Española de Oncoloxía Médica (SEOM)

Asociación Española Contra o Cancro (AECC)

24 horas AECC

Asociación Española de Afectados de Cancro de Pulmón (AEA CaP)

